



## BASES PARA PARTICIPAR COMO PASTORCIÑO/A NA CABALGATA DE REIS 2023

1.- Pódense inscribir os/as veciños/as de Cambre nados nos anos 2012 e 2013. A cada pastorciño/a poderá acompañalo a súa nai ou pai, cubrindo debidamente a ficha onde di "Nome e apelidos do pai/nai acompañante".

2.- Ofertamos 62 prazas en total: 36 prazas para o percorrido da Cabalgata do Temple e 26 para o percorrido Cabalgata Barcala-Cambre. As prazas distribuiranse entre as carrozas dos Reis Magos e unha cuarta de carácter temático.

### 3.- O período de inscrición finaliza o 20 de decembro de 2022.

A ficha de inscrición poderá recollerse nas oficinas do Concello ou descargarse da web municipal ([www.cambre.gal](http://www.cambre.gal)). A inscrición formalizarase mediante a presentación da dita ficha en calquera Rexistro Municipal, ou na sede electrónica, sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

4.- Os datos que os pais, nais ou representantes legais dos/as menores terán que facilitar serán os seguintes:

Nome, apelidos, NIF e data de nacemento (idade) do/a menor

- Nome, apelidos e NIF do pai, nai ou representante legal do/a menor
- Enderezo, teléfonos de contacto e correo electrónico (se for posible)  Indicar en cal dos dous percorridos desexan participar

5.- Os pastorciños e as pastorciñas levarán a súa propia vestimenta o día do acto.

6.- Os pastorciños e pastorciñas que vaian en cada unha das carrozas estarán acompañados/as dun monitor/a e terán que saudar ao público, segundo lles indiquen os/as responsables da organización.

### 7.- Selección

7.1. O 22 de decembro ás 13:00 h realizarase un sorteo, nas oficinas de Cultura da Urbanización da Barcala, para asignar os/as participantes que irán en cada carroza e en cada percorrido. Este determinará a listaxe de admitidos e a asignación á carroza.

7.2. O procedemento do sorteo rexarase pola Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, publicada no B.O.P. núm. 81, de 30 de abril de 2014.

O proceso xerará dúas listaxes de admitidos e dúas listaxes de agarda.

7.3 As persoas inscritas non seleccionadas formarán parte dunha listaxe de agarda para baixas e novas necesidades.

7.4 As listaxes poderán consultarse na web municipal ([www.cambre.gal](http://www.cambre.gal)) ou nas oficinas de Cultura (981 61 31 93).

7.5 Para participaren os nenos/as, o pai, nai ou representante legal da persoa inscrita seleccionada está obrigado/a a asistir á reunión informativa que terá lugar o 28 de decembro, ás 20:15 h no Salón de Actos do Centro Sociocultural da Barcala.

Calquera circunstancia non prevista nestas bases será resolta pola organización.

**EN TODO CASO A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE QUEDARÁ CONDICIONADA ÁS MEDIDAS VIXENTES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DA SANITARIA**



FICHA DE INSCRICIÓN  
CABALGATA DE REIS 2023

# PASTORCIÑOS/AS

**(SÓ NADOS EN 2012 E 2013)**

O período de inscrición finaliza o 20 de decembro de 2022

**NOME E APELIDOS DO/A PARTICIPANTE**

.....

NIF ..... DATA DE NACEMENTO.....

**NOME E APELIDOS DO PAI/NAI ACOMPAÑANTE**

.....

NIF ..... DATA DE NACEMENTO.....

**NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL**

.....

NIF.....

TELÉFONO .....

ENDEREZO .....

CORREO ELECTRÓNICO.....

PERCORRIDO DA CABALGATA O TEMPLE

PERCORRIDO DA CABALGATA BARCALA – CAMBRE  (Cubrir só unha opción)

**SINATURA:**

ASINANDO ESTA SOLICITUDE DECLARO QUE COÑEZO E ACEPTO AS BASES QUE REGULAN A PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE REIS DE CAMBRE 2023.

EN BASE A ISTO, **AUTORIZO A PARTICIPACIÓN DO MENOR AO MEU CARGO** NA CABALGATA E O USO DA SÚA IMAXE, EN CASO DE QUE SE TOMEN FOTOS OU VÍDEOS.

OS DATOS INCLÚIDOS NESTA FICHA SERÁN INCORPORADOS A UN FICHEIRO MANUAL E AUTOMATIZADO PROPIEDAD DO CONCELLO DE CAMBRE. SEGUNDO A LEI ORGÁNICA 3/2018, DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS, VOSTEDE PODERÁ EXERCER O SEU DEREITO DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN POR ESCRITO AO CONCELLO DE CAMBRE- ÁREA CULTURA, RÚA RÍO BARCÉS, 8, 15660 CAMBRE ( A CORUÑA- ESPAÑA) OU Á DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO CULTURA@CAMBRE.ORG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

Adro, 1- 15660 - CAMBRE - A CORUÑA - Telf. 981 613128 - FAX. 981 675969  
C.I.F. P-1501700-G E.mail : [info@cambre.org](mailto:info@cambre.org) - [www.cambre.org](http://www.cambre.org)